

Palabras de amor

Vaamonde García, P.

Médico de Familia. SAP Labañou (A Coruña)

CAD. ATEN. PRIMARIA 2005; 12: 130-136

1. O AMOR NA VIDA

(Como os ourizos, xa sabedes, os homes un día sentiron o seu frío. E quixeron compartilo. Daquela inventaron o amor. O resultado foi, xa sabedes, como nos ourizos. ¿Qué queda das alegrías e penas do amor cando éste desaparece? Nada, ou peor que nada; queda o recordo dun olvido. E menos mal cando non o pincha a sombra daquelas espiñas; daquelas espiñas, xa sabedes).
Luis Cernuda. *Donde habite el olvido (1932-1933)*

Na vida todos sentimos a necesidade do outro. Os seres humanos vémonos impulsados polo anhelo de superar a "separatividade" (E. Fromm), de vencer a angustia, o desasosiego profundo que nos xenera a soedade. O desexo de unión interpersonal é o impulso máis poderoso que existe no home. Quizais por eso a cultura humana ten creado o amor como unha das forzas que moven o mundo. Ortega y Gasset negaba que o amor fose un instinto e defineuno como unha creación espiritual que aparece en determinadas épocas e formas de cultura humana.

Cando falamos do amor non nos referimos só ao amor de parella, senon ao afecto, á estima, ao cariño entre as persoas: todo isto é o que fai que o mundo poida ser vivible, a pesar de todo.

2. O AMOR NA MEDICINA

(A palabra ten valor terapéutico. Pode aliviar e curar. Pero tamén pode ferir e facer dano).

Todas as persoas somos seres vulnerables, con feridas emocionais, carencias afectivas e conflitos internos que inflúen no noso grao de benestar, armonía e equilibrio. Os sentimentos en certos momentos axitan a alma con forzas tan reais como as físicas. A persoa san síntese chea de vida, cun montón de esperanzas e proxectos por realizar e, de repente, sen saber cómo nen por qué, todo se derrumba. A persoa enferma cambia a súa escala de valores, aprende a estimar cousas ás que antes non lle adicaba nin un segundo, cambia o

sentido da vida. Os profesionais da medicina non podemos permanecer alleos a esta dramática situación. O que une aos seres humanos son as emocións e as súas manifestacións: as bágoas de alegría ou aflicción, os impulsos amorosos ou coléricos.

Na nosa práctica profesional debemos prestar atención primordial ao compoñente emocional do paciente, xa que as emocións participan en grande medida no modo de percibir e vivir a doenza.

Na relación médico-paciente existe unha compoñente técnica e unha relacional que é, quizais, a máis importante. Ninguén pode ser un bo médico se carece de interese polas persoas. A empatía, o interese por coñecer e entender ao paciente e as súas necesidades, constitúe unha característica imprescindible para o bo médico. Os médicos debemos considerar aos doentes, non como "casos" ou "enfermidades", senon como persoas que teñen problemas que, con moita frecuencia, trascenden as queixas que os levan a consultarnos.

Na primeira edición do Harrison, a nosa biblia particular, pódese ler o seguinte:

"Do médico agárdase tacto, simpatía e comprensión, porque o paciente non é só un conxunto de síntomas, signos, funcións alteradas, órganos danados e emocións alteradas. É un ser humano temeroso e esperanzado, que busca alivio, axuda e confianza. Para o médico, como para o antropólogo, nada humano lle é estrano ou repulsivo. O misántropo pode chegar a ser hábil no diagnóstico da enfermidade orgánica, pero hai poucas probabilidades de que teña éxito como médico. O verdadeiro médico posúe, como sinalou Shakespeare, un inmenso interese polo sabio e o tonto, o orgulloso e o humilde, o heroe estoico e o esmoleiro queixón. Preocúpase pola xente".

O AMOR NA LITERATURA

(O teu corazón e o meu naufragarán, quedando unha muller e un home gastados polos bicos)
Miguel Hernández.

A propia vida é a principal inspiración na literatura. E na vida de cada ún de nós hai un momento trascendental: é aquel en que xurde o amor. Ese paréntese, esa tregua, a do amor, constitúe, con certeza, o tema máis tratado na literatura occidental. “Condensa todo o que realmente preocupa ao ser humano: leva en sí o desexo e a felicidade de estar vivos, a anguria do tempo e o sono de escapar da morte, o anhelado de liberdade e a necesidade de compartir emocións, experiencias e pensamentos, a necesidade de non estar sós e comunicarnos co outro. O amor é un grito da vida. Amando, vivimos esquecendo a morte”. (Casariego Córdoba, M. El amor y la literatura. Anaya 1999).

Pero o amor e a felicidade non teñen historia. Por eso a literatura constrúese sobre os labirintos e as trampas do amor, sobre os engaños e as ausencias, sobre as rupturas e os conflitos, sobre a dor e a morte. Sen drama non hai literatura, polo menos no tocante á narrativa, pois a poesía pode construírse sobre un fogonazo de ilusión, sobre momentos de felicidade e éxtase (Os famosos versos de Bécquer: “¿Qué es poesía? Dices mientras clavas / en mi pupila tu pupila azul. / ¿Qué es poesía? ¿Y tú me lo preguntas? / Poesía... eres tú”).

Nas palabras que siguen, segun o esquema trazado por Martín Casariego na obra citada, faremos un breve recorrido por algunhas das máis notables obras de narrativa ou teatro que teñen o amor como tema principal.

1. O AMOR IDEAL

***Don Quixote (Miguel de Cervantes).** O amor de Don Quixote por Dulcinea é unha elaboración neoplatónica, pertencente ao mundo das ideas: nin sequera é segura a existencia da amada. Don Quixote imita o ideal amoroso *cabaleresco* representado por Amadís de Gaula. No primeiro capítulo Alonso Quijano decide converterse en cabaleiro e para eso deberá “buscar unha dama da que namorarse, porque o cabaleiro andante sen amores é arbre sen follas e sen froito e corpo sen alma”. En todas as súas aventuras Don Quixote encomendarase de todo corazón á súa amada. Este amor por Dulcinea entra dentro dos cánones do amor cabaleresco, un amor platónico, un galanteo espiritual que nunca chega ao plano físico. Trátase dun amor ideal levado ás súas últimas consecuencias:

o único que conta é a idea que o cabaleiro se ten formado da dama.

***Cyrano de Bergerac (obra teatral de Edmond Rostand, 1897).** No drama de Rostand, na Francia do século XVII, o gascón Cyrano, espadachín e poeta namorado da súa prima Roxana, coa que se criou, pensa que co seu desproporcionado apéndice nasal, que o ten obsesionado, nunca poderá conquistala. Na mesma compañía está o xoven Cristian de Neuvillete. Cyrano é brillante e feo, Cristian é de poucas luces pero guapo.

O primeiro bico que Cristián conseguirá de Roxana será gracias ao verbo de Cyrano que, oculto, pronuncia frases sedutoras que o necio Cristián é incapaz de inventar. ¿A quén bicou en realidade Roxana? Só cando Cyrano confese, antes de morrer, o seu segredo, Roxana comprenderá que amou o espírito de Cyrano no corpo de Cristián. Esta á unha traxedia sobre a dualidade da carne e o espírito, sobre o eterno dilema do amor (¿amamos o físico ou a alma, a aparencia ou a esencia?). Tamén neste caso, como don Quixote, Cyrano idealiza a Roxana, e os seus sentimentos nunca se trasladan a un plano físico.

2. O PRIMEIRO AMOR.

***A Celestina (Comedia de Calisto e Melibea, 1499). Fernando de Rojas.** É unha traxedia realista e moi rica expresivamente. Combina a linguaxe culta e o ideal platónico amoroso de Melibea e Calisto co popular e as baixas pasións dos criados e as prostitutas. Celestina, a alcaiota, é a persoaxe principal, quen manexa todos os fíos. Define así o amor a unha Melibea confusa, xa que é a primeira vez que o experimenta: “É un lume agochado, unha agradable chaga, un sabroso veneno, un alegre tormento, unha doce ferida, unha blanda morte..”. Calisto e Melibea sitúan o seu amor por enriba de todo, mesmo de Deus. Calisto declara: “Melibea son, e a Melibea adoro, e en Melibea creo, e a Melibea amo”. Esta proclama ten un compoñente subversivo e rebelde, como tantas veces ten o amor, que salta por enriba das convencións, das regras sociais e da moral dominante. A historia deste amor remata trágicamente. Calisto morre por accidente e Melibea, destrozada, tírase da torre ao velo morto.

***Romeo e Xulieta (1594-1595). Shakespeare.** Escrita un século máis tarde, esta obra de teatro ten evidentes

paralelismos coa Celestina. É tamén a trágica historia dos amantes que poñen o seu amor por enriba de Deus (Xulieta: “Non fagas ningún xuramento. Se acaso, xura por ti mesmo, pola túa persoa, que eres o Deus que adoro e en quen hei crer”). Neste caso Romeo e Xulieta suicídanse por amor. Narcotizada Xulieta, Romeo cre que está morta, e quítase a vida ante o suposto cadavre. Xulieta desperta e, ao ver a Romeo morto, tamén se mata. É a paixón do amor levada ao seu máximo extremo: sen amante, a vida non ten sentido, a morte é o único que pode volver a reunilos.

3. O AMOR ROMÁNTICO

***A dama das camelias, de Alejandro Dumas, fillo (1824-1895).** A novela relata a historia de Margarida Gautier, unha cortesana da alta sociedade. Armand Duval considera un triunfo que ela se namore, moito máis meritório que ser amado por unha xoven casta e pura. Él imaxina que a curará da súa enfermidade moral (a prostitución) e da física (a tuberculose). Pero Armand vaina abandonar, despois das dúbidas, os ciúmes, as separacións e reconciliacións, as humillacións, as infidelidades e os problemas de diñeiro. Margarida vai morrer soa, símbolo da muller que amou de verdade e que se sacrifica polo suposto ben do seu amante. Nesta obra sucede o mesmo que na maioría dos romances: sempre hai un obstáculo case insalvable que os fai máis grandes. A ópera (*A Traviata*, de Verdi) e o cine (un dos papeis máis famosos de Greta Garbo) déronlle unha grande notoriedade a este novela.

***Corín Tellado.** O que se coñece como *novela romántica, ou sentimental ou rosa* (de interese máis sociolóxico que literario), ten o seu máximo expoñente nesta escritora asturiana. A súa obra, formada por uns cinco mil títulos é, despois da Biblia e o Quixote, a máis leída en español. O esquema habitual destas obras é sempre o mesmo: unha rapaza pobre que se namora dun mozo rico; ao final sempre hai un final feliz.

4. O AMOR FRONTE Á SOCIEDADE.

***Madame Bovary (1857), de Gustave Flaubert.** Emma Bovary, casada co aburrido Charles, non se resigna a unha vida gris. Ela non quere sofocar os seus sentidos, senon disfrutalos e non dubida en enfrontarse á moral occidental, inimiga do goce sensual. É unha rebelión egoísta: só busca o seu propio pracer. Os seus aman-

tes (Leon, Rodolphe), persoaxes mesquiños, non se namoran dela, só se aproveitan. Derrotada, sen ánimos para vivir xunto ao seu indulxente e namorado marido, Emma envelénase, e Charles deixarase morrer lentamente. Según Vargas Llosa (*La orgía perpétua*), Madame Bovary é o máximo exemplo de obra pechada, de libro-círculo, perfecta na súa obxectividade e realismo, e pródiga nos seus ingredientes favoritos, a rebeldía, a violencia, o melodrama e o sexo, “os catro grandes ríos que bañan a súa vasta xeografía”. Esta obra está considerada por moitos como o arranque da novela contemporánea.

***Anna Karénina (1875-1877), de Leon Tolstoi.** Anna Karénina é unha muller intelixente, libre e enérxica que, ao contrario que Emma Bovary, non se imaxina a paixón polas novelas leídas, senon que, sen buscala, atópase con ela, e, a pesar da súa resistencia, namórase. Afronta as consecuencias da súa paixón adúltera: abandoa ao marido, Karenin, home ambicioso e falso, renuncia a toda aparencia e vai vivir co conde Vronski, nun xesto valente, actitude ben diferente doutras damas do seu contorno, que viven aventuras e as ocultan. Ela non oculta os sentimentos. Cando Vronski cae da egua e parte a columna vertebral, Karenin tenta reprendela pero ela non disimula: “Escoito cando vostede fala, pero estou pensando nél. Ámoo, son a súa amante. Non podo soportalo máis. Faga comigo o que vostede queira”. A Romeo e Xulieta agardábanos o veneno e a daga. Á protagonista desta novela, o opio e as vías do tren.

***A morte en Venecia (1914), de Thomas Mann.** Conta a última fascinación dun escritor, Aschenbach, por un fermoso adolescente polaco, Tasio. Venecia, símbolo da decadencia física e creativa do escritor, é o escenario deste amor homosexual e platónico.

***Lolita (1955), de Vladimir Nabokov.** “Lolita, luz da miña vida, lume das miñas entrañas. Pecado meu, alma miña. Lol-li-ta.”. Así empeza esta novela de Nabokov que narra a fatal paixón de Humboldt, un maduro profesor, por unha adolescente de doce anos. Groucho Mark dixo ao respecto: “Decidín agardar seis anos para ler Lolita, para que ela teña dezaquito”.

5. O AMOR COMO XOGO

Hai libertinos que toman o amor como un xogo, como unha cacería. As conquistas son un reto para a vaidade

de: cobrada a peza xa pensan na seguinte. Pero descoñecen que poden ser vítimas da súa propia trampa, que poden queimarse, que o reto pode volverse na súa contra. Tal é o caso do vizconde de Valmont de *As amistades perigosas* (1782), de Choderlos de Laclos, ou do don Juan de *Don Juan Tenorio* (1844), de José Zorrilla.

***La Regenta (1884-1885), de Leopoldo Alas "Clarín".**

Se Vronski tardou un ano en seducir a Anna Karénina, Alvaro de Mesía, "o Tenorio vetustense", como o chama Clarín, tardará tres en conquistar a Ana Ozores. A Rexenta, débátese entre o donjuán provinciano Álvaro de Mesía, o seu vello marido, Víctor Quintanar, e o seu confesor, o Maxistral, Fermín de Pas. Dito doutro xeito: entre o amor, o deber matrimonial e a relixión. O escenario é a "heroica Vetusta", Oviedo, exemplo de cidade provinciana, sofocada pola presión da Igrexa e a hipocresía das forzas conservadoras, gardiáns das boas costumes. Don Álvaro quere conquistala por unha banal aposta, Fermín de Pas, como proba de ambición e poder, quere ganala para a relixión, pero a ambivalencia dos seus sentimentos horrorizará a Ana. Un e outro ofrécenlle unha maneira de evadirse da súa vida tediosa, monótona, dun matrimonio no que o marido non pode satisfacela. Unha é a vía mística, a sublimación relixiosa, e a outra, a sensual, a realización como muller. O maxistral amosa ao final toda a súa mesquindade. Don Álvaro fuxe da cidade despois de dar morte en duelo a Víctor Quintana. Ana é o persoaxe máis positivo da novela, a única heroína. A Rexenta finalmente non será vencida polo marido, nen por un destino romántico e fatal, senon pola sociedade.

6. O AMOR FATAL

***Carmen (1845), de P. Merimée.** Carmen, a muller libre convertida en mito, esa que ama de xeito caprichoso e que basta que lle prohiban algo para que o faga. O narrador viaxa a Andalucía, e coñece a don José, ex sarxento de "Dragones", que lle conta a súa historia. Todo empeza cando don José está de garda na Fábrica de Tabacos de Sevilla. Por unha xitana medio bruxa, Carmen, deserta do exército e convértese en bandido e asesino. Carmen minte, canta, baila, seduce, rouba, contrabandea, é "como os gatos, que nunca veñen cando os chamas e que acuden sen falta cando non se lles reclama".

***O carteiro sempre chama dúas veces (1934), de James M. Cain.** Trátase dunha novela de serie negra que foi levada ao cine por dúas veces con grande éxito (A segunda, de 1981, dirixida por Rafelson e protagonizada por Jessica Lange e Jack Nicholson). O encontro casual entre un buscavidas, Frank Chambers e unha moza, Cora Smith, tornarase nunha historia de amor fatal, para eles e para Nick Papadakis, o dono da gasolinera-restaurant nunha estrada secundaria que está casado coa desexable Cora.

4. OUTROS AMORES

(Non hai máis inverno que a soedade./ O que funde a neve é o amor/ que se serve do sol como o seu intérprete./ Colle a miña man, acéptame deste modo/ sinxelo de abolir, ao mesmo tempo,/ inverno e soedade, chamado amarse). Pedro Salinas.

1. Amor ao fillo

Un neno é un regalo dos deuses. Poucas aventuras hai máis apaixonantes que ver medrar un neno. Verlle nacer o sorriso, os primeiros pasos, a descuberta da palabra, a tenrura. O riso do neno. "Cando un neno ri o mundo escuma, a vida alixeira e o sol acéndese". (F. Umbral). Hai moitos textos que falan do amor ao fillo, pero lémbrome de dous que me conmovéron profundamente.

***Catedral, 1983 (relato: Semella unha tontería), de Raymond Carver.**

Na película de Robert Altman *Vidas Cruzadas* entrelázanse varias historias de xente corrente que viven nos Ánxeles. Nunha destas unha nai vai encargar unha torta de aniversario. O seu pequeno Scooty cumpre oito anos. Ese día, cando vai para a escola, o pequeno é golpeado por un coche. Levántase, volve á casa, dille a súa nai o que pasou e perde o sentido. Pasan días de anguria no hospital agardando unha recuperación que non chega. Namentras o pasteiro chama reiteradamente por teléfono pedindo o pago da torta que ninguén foi recoller. No relato de Carver os pais van buscar ao pasteiro, bótanlle en cara a súa mesquindade e éste, despois de solicitar o seu perdón, convidaos a probar os pasteis que está a facer. "Comeron. Comeron e faláron ata que o amencer botou a súa luz pálida polas fiestras, e nin se lles ocorría marchar". A desolación é total. A vida perdeu todo o sentido ao faltarlles o pequeno. Xa

non lles queda nada que facer máis que comer pasteis e chorar polo irremediable.

***Mortal e rosa (1975), de Francisco Umbral.** Umbral perdeu o seu único fillo cando este tiña cinco anos. Sobre esa ausencia escribiu o seu mellor libro, *Mortal e rosa*. Este polémico escritor amosa neste texto unha dor tan enorme, profunda e verdadeira que conmove. Un neno enfermo é unha blasfemia que profire a vida. Todos os nenos son o mesmo neno. Sofre ún, sofren todos. Umbral amosa o seu corazón espido: *"Só atopei unha verdade na vida, fillo, e eras ti. Só atopei unha verdade na vida e perdina. Que estúpida a plenitude do día ¿A quén engana este ceo azul, este mediodía con risas?"*(..) *"Fillo, un día vin un pato no auga. Quería tercho contado. Facía sol, estabamos no campo e o pato estaba alí, ao sol, na auga. Era branco e non moi grande ¿sabes? Nada máis que eso, fillo. Sei que é importante para ti. Para mín tamén... Escríboche, fillo, desde outra morte que non é a tua. Desde a miña morte. Porque o máis desolador é que nin na morte nos atoparemos. Cada ún quédase na súa morte, para sempre. A morte é distancia, só distancia"*.

2. Amor ao neto

***O sorriso etrusco (1985), de José Luis Sampedro.** Un labrego calabrés chega a Milán para someterse a unha revisión médica. Alí descobre o seu último amor, unha criatura na que volcar toda a súa tenrura: o seu neto, que se chama Bruno, como a él lle chamaron os seus camaradas partisanos. Sabendo que ten unha doenza incurable entra unha noite no cuarto do seu neto, acompañando o seu sono e fálalle namentras está dormido: *"Mira, a verdade da verdade, meu neno, é que me quedo porque te necesito. Agora sen ti derrumbaríame... Así que, eu deféndote e ti deféndesme a mín. Xuntos gañaremos esta guerra. Xúrocho. Vaina gañar o vello Bruno co seu compañeiro partisano: ti, Brunettino meu..."*. *Se o neno non estivera tan profundamente dormido sentiría na súa meixela as bágoas que resbalaban da vella meixela de coiro.*

3. Amor ao pai.

No seu último libro de poesía, *Casa última* (Espiral Maior, 2003), o grande poeta galego Xulio L. Valcárcel, adícalle ao pai dous fermosos e emocionantes poemas:

PAI NENO

*Aquel neno vestido de mariño,
Pantalóns polos xeonllos, calcetíns brancos e
zapatos negros,
mirábame fixamente, apretando
un libro contra o peito.
"É teu pai de primeira comuñón.."
-dicíanme, e moito me custaba entender
ese momento que me antecedeu por completo,
ese espacio branco da súa nenez
cando eu non existía, nin sequera
como un soño ou un pensamento;
antes da chamada da permanencia,
da proxección dun mesmo
na realidade precaria doutro ser.
Miraba eu aquel neno uniformado
e era como aceptar a propia nada.
Cómo entender que el tivese sido neno
coma mín, que correse e xogase
displicente, irresponsable,
sen sequera sospeitarme...*

FULGOR E DERROTA

*Ver ao pai
Dobrado sobre si,
A cabeza contra o peito
Reclinada.
Ver ao pai,
antes forte e alegre,
resistindo,
resignado.
Ver ao pai
tendendo pontes
de comunicación
e confluencia,
a súa loita,
a súa dignidade
insobornable.
Ver o pai
adurmiñado, ido,
vencidas as defensas, claudicando.
Ver ao pai
que foi novo e temido,
agora enfermo e vello.
Derrotado.*

4. A perda da persoa amada.

***Cinco horas con Mario (1984), de Miguel Delibes.**

Nesta obra, Carmen, a viuva, fala co seu marido difunto, de corpo presente, e fai reconto da súa vida xuntos, e aproveita para axustar algunhas contas pendentes. Esta obra foi levada ao teatro e interpretada de xeito espléndido por Lola Herrera.

***Señora de roxo sobre fondo gris (1991), de Miguel Delibes.**

Nesta novela Delibes, afectado pola recente morte da súa muller, fai un canto conmovido pola esposa morta. Escrita en primeira persoa a novela é a historia dos últimos meses dunha muller, Ana, que o seu viuvo, un pintor, Nicolás, sumido nunha crise vital e artística profunda, relata á súa filla, que non puido presenciarlos por atoparse encarcerada no outono do 75, cando a dictadura de Franco vivía os últimos momentos.

***Unha pena en observación (1961), de C.S. Lewis.** En 1952, a poetisa norteamericana Helen Joy Davidson Grexham, católica, divorciada e comunista, aparece na vida do cincuentón Clive Staples Lewis, católico, solteiro e eminente home de letras británico. Deste encontro xurde o amor, ao que o maduro escritor se entrega con entusiasmo. Pero Helen enferma de cancro e morre deixando a Lewis sumido nunha profunda dor. Neste libro o autor reflexiona sobre a perda do ser amado. O baleiro, a soedade, a impotencia, a busca dun sentido a tanto padecemento: C.S. Lewis enfróntase á traxedia e tenta entender o aparente sinsentido que goberna a vida dos seres humanos.

"¿O único que podemos facer co sufrimento é aguantalo? (...) Hai que buscar algunha estratexia para que a dor non doa. (...) Pero a trade fura igual. E a pena segue a sentirse como medo. Aínda que quizais fose máis exacto dicir que como un "suspense". Ou como unha expectativa. Eso é. É como estar colgado á espera de algo que vai pasar. Esto confire á vida unha sensación permanente de provisionalidade. Semella que non mereza a pena empezar nada. (...) Antes nunca chegaba o tempo para nada. Agora non hai nada máis que tempo. Tempo en estado case puro, unha valeira continuidade."

(Neste libro inspirouse a película *Terras de penumbra*, de Richark Attenborough, protagonizada por Anthony Hopkins e Debra Winger)

5. O amor na actualidade

Na actualidade a experiencia do amor tense banalizado, xa non existe a expectativa do amor perfecto, do amor ideal, o amor para toda a vida. As parellas do noso tempo teñen data de caducidade, xa ninguén agarda que o amor dure "ata que a morte nos separe". O máis habitual actualmente é que as persoas establezan, ao longo da vida, diversas relacións de parella, xenerando vínculos, polo xeral, de monogamias sucesivas.

Este mundo de parellas rachadas, de amores imperfectos, de fracasos e reencontros na vida amorosa teno reflexado como ninguén na literatura o escritor americano Raymond Carver. Nos seus relatos aparecen persoaxes á deriva, parellas sen norte, homes e mulleres desamparados na busca dun refuxio, dun pouco de amor, de consolo, de compañía, de comprensión.

En 1988, cando Carver se convertera no mellor contista vivo do mundo, morreu. Estaba no seu mellor momento. Deixara de beber, tiña unha relación amorosa coa poeta Tess Galleguher, e ata o condecoraban as universidades que noutro tempo lle cuspirían na cara por borracho e indixente. Chegoulle a morte, precozmente, cando todo por fin lle iba ben. Pero deixou un feixe de contos espléndidos. As rupturas de matrimonio eran un dos platos favoritos de Carver. Nun dos seus relatos (*De qué falamos cando falamos do amor, 1981*) hai dúas parellas (Mel e Terri, Nick e Laura) que están sentadas á mesa da cociña, bebendo xenebra. Falan namentras vai caendo a tarde. Despois de moito beber e falar Mel (médico cardiólogo) toma a palabra:

"- ¿Qué é o que calquera de nós sabe do amor? Creo que no amor non somos máis que principiantes. Eu amo a Terri e Terri ámame, e vós tamén vos queredes. Xa sabedes a que tipo de amor me refiro. Ao amor físico, ese impulso que te arrastra cara alguen concreto. O amor carnal e, digamos, o amor sentimental, ese coidado cotián para coa outra persoa. A veces resúltame difícil explicar o feito de que tamén debín amar á miña primeira muller. E ameina, sei que a amei. Houbo un tempo en que pensei que amaba á miña ex muller máis que á propia vida. Pero agora aborrézoa. ¿Cómo se explica eso? ¿Qué foi daquel amor? Gustaríame que alguen poidese decirmo. -Calou e bebeu un grollo de xenebra-. Vós levades dezaoito meses xuntos e amádesvos. Nótase en todo. Pero os dous quixéstedes a outra

xente antes, o mesmo ca nós. Terri mais eu levamos xuntos cinco anos, e catro de casados. E o terrible é que se algo nos pasara a algun de nós mañan, creo que o outro o pasaría mal unha tempada, entendedes, pero, despois, o que sobrevivise saíría e volvería a amar. E todo esto, todo o amor do que agora falamos non sería máis ca un recordo. E poida que nin siquiera un recordo. ¿Engánome? Porque quero que me corrixades se

non estou no certo. Porque eu non sei nada ¿entendedes? E son o primeiro en admitilo.”

(Texto presentado como ponencia na IX Xornada “O Psicoanálise hoxe”, sobre o tema “Destinos do amor”, organizada polo Instituto do Campo Freudiano, e celebrada en A Coruña os días 4-5 de marzo de 2005).